

Contidos fundamentais

RESUMO		
<p>O sistema inmunitario</p>	<p>O sistema inmunitario protéxenos contra as infeccións. Ten tres mecanismos de defensa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As barreiras de entrada, que poden ser físicas, químicas e biolóxicas. • A resposta inmunitaria inespecífica, en que interveñen algúns leucocitos e é sempre a mesma con independencia do microorganismo. • A resposta inmunitaria específica, en que interveñen linfocitos produtores de anticorpos que recoñecen os antíxenos e os neutralizan. 	
<p>Enfermidades infecciosas</p>	<p>Están producidas por microorganismos patóxenos que penetran no noso organismo, reproducense no seu interior e causan unha infección. Poden estar producidas por fungos, protozoos, bacterias e virus.</p> <p>A cadea epidemiolóxica que participa na transmisión das enfermidades infecciosas está formada por: o axente patóxeno, a fonte ou lugar onde vive o patóxeno, o vector ou animal que transporta o patóxeno e o hóspede ou persoa que contrae a infección.</p> <p>A transmisión pode ser directa ou indirecta.</p> <p>O microorganismo pode penetrar no hóspede por vía cutánea, respiratoria, dixestiva e xenital.</p> <p>Unha epidemia prodúcese cando o número de persoas afectadas por unha enfermidade nun lugar aumenta moito e con rapidez.</p> <p>A prevención de enfermidades inclúe a hixiene persoal, ambiental e alimentaria, a saúde sexual, a vacinación, as medidas ao viaxar e o coidado das mascotas.</p>	
<p>Enfermidades non infecciosas</p>	<p>Non se transmiten, xa que non están provocadas por microorganismos patóxenos.</p> <p>Poden ser traumáticas, metabólicas, xenéticas, dexenerativas, autoinmunitarias e neoplásicas.</p> <p>Para previr estas enfermidades, hai que evitar os factores de risco e adoptar hábitos de vida saudables.</p>	
<p>Accidentes e primeiros auxilios</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Os accidentes son sucesos xeralmente previbles, que causan ou teñen o potencial de causar unha lesión. Os principais tipos son: accidentes de tráfico, caídas, queimaduras, electrocución e atragamento. • Primeiros auxilios. Se o accidente é grave, chamar ao 112 e, mentres chega o persoal sanitario, pódense aplicar técnicas de primeiros auxilios; se pode haber lesión de columna, nunca se debe mover o accidentado. 	
<p>Doazón e transplantes</p>	<p>Un transplante é unha técnica médica en que células, un órgano ou un tecido enfermo se substitúen por outro san que procede dun doador.</p> <p>Pode ser: autotransplante, alotransplante e xenotransplante.</p> <p>Os principais problemas dun transplante son: rexeitamento e contaxio de enfermidades.</p> <p>A doazón de células, tecidos ou órganos para transplantes é un acto voluntario e altruísta que require ser maior de idade e estar san.</p>	

ACTIVIDADES

- 1 Cita exemplos de transmisión directa e indirecta das enfermidades infecciosas.
- 2 Describe as barreiras que constitúen o noso primeiro mecanismo de defensa.
- 3 Describe os tipos de enfermidades non infecciosas e cita un exemplo de cada unha delas.
- 4 Indica a diferenza entre autotransplante, alotransplante e xenotransplante.